



CCOO
Praza do Concello, 2
32315 O Barco

AXUDAS MUNICIPAIS PARA A COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2016-2017 DE EDUCACION INFANTIL (2ª ETAPA)

Poño no seu coñecemento que a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia abrirase o prazo de presentación para solicitar as **Bolsas Para A Compra De Libros E Material Escolar De Educación Infantil para o curso 2017-2018**, no Concello de O Barco de Valdeorras.

Para ter dereito a estas axudas os ingresos familiares terán que ser **inferiores a 16.000 euros anuais/netos ou superando esa cantidade non exceda a R.P.C. da unidade familiar de 4.030 euros, entre outros requisitos que aparecen nas bases.**

Calquera consulta ou aclaración en relación coas solicitudes ou documentación a presentar poderá facerse no departamento de Servizos Sociais, así mesmo as bases publicaranse na paxina web do Concello, e no BOP.

O prazo permanecerá aberto desde o día seguinte da publicación das Bases no BOP da provincia ata o 30 de xuño de 2017.

As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada do Concello do Barco de Valdeorras nos días hábiles de en horario 9:00 a 14:00 ou no rexistro Electrónico do Concello do Barco (<https://sede.concellodobarco.org>), no prazo sinalado.

A documentación a aportar polas persoas solicitantes e a seguinte:

- Anexo I: solicitude**
- Anexos II** : Declaración responsable de non ter recibidas outras axudas polo mesmo concepto, e aceptación das bases,
- Anexo III** Autorización asinada pola persoa solicitante onde se dea o consentimento para que o concello incorpore de oficio ó expediente os documentos sinalados e sinatura das declaracións esixidas.
- Fotocopias compulsadas** dos documentos identificativos da persoa que solicita e do cónxuxe ou parella, estea formalizada ou non, **D.N.I., NIE, etc**).No caso de non ter presentaran pasaporte ou documento análogo
- Fotocopia compulsada** de todas as páxinas **do libro de familia** das nais, pais, fillas e fillos e falecementos. En caso de non dispoñer de libro de familia, achegarase certificado de nacemento das/os menores. Se existen máis fillos/fillas dos que constan no libro de familia, deberanse achegar os certificados de nacemento para xustificar o número total.
- Certificado do centro escolar** de estar matriculado ou ter realizada a preinscrición para o curso 2017-2018 a nome do/a neno/a para o que se solicita a axuda. En dito certificado farase constar o curso no que se matricula o/a menor
- Volante de empadramento colectivo** onde figure o menor e a persoa solicitante
- Fotocopia compulsada** (por Notario ou unidade competente do Concello) ou **fotocopia con código de verificación** se foi entregada por medios telemáticos da Declaración da Renda do ano 2015 de todos os membros da unidade familiar computables, ou se non presentaron declaración **certificado de Negativo de facenda do ano 2015, se esta non ten imputacións terá que presentar: certificado de prestacións SEPE, pensións ou 3 ultimas nóminas se fora o caso.**
- Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas coa Seguridade Social** dos proxenitores do menor/es (no caso de separación ou divorcio so será ou que teña a custodia) (pode solicitalo no INSS, no Paseo do Malecón, 27 baixo (O Barco) ou chamando ó número de teléfono 901-502050 sempre e cando teñan actualizados os seus datos respecto do domicilio neste Organismo).
- Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas con Facenda Estatal** dos proxenitores do menor/es (no caso de separación ou divorcio so será ou que teña a custodia) solicitante ((deberá solicitalo na Delegación de Facenda en O Barco, r / Lugo 1) cita previa 901 200 351 ou 91 290 13 40)
- Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas con Facenda Autónoma** dos proxenitores do menor/es (no caso de separación ou divorcio so será ou que teña a custodia). Pode solicitarse a través do rexistro de Presidencia da Xunta (Casa Grande de Viloria)con oficio dirixido a Delegación Territorial da Xunta en Ourense.
- No caso de separación, divorcio cesamento da convivencia ou non convivencia das nais/pais de ou da menor solicitante, achegarase, segundo proceda: Sentenza xudicial e/ou convenio regulador ou documento público de medidas sobre o coidado e educación dos fillos.
- Documentación adicional para os descontos se o caso.**
- Fotocopia compulsada do último recibo da hipoteca / alugueiro ou contrato de aluguer (se é o caso).
- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa (se é o caso).
- Fotocopia compulsada do certificado de discapacidade, resolución do grao de dependencia e resolución de incapacidade laboral (se é o caso).
- Outra documentación que poida ser requirida polo Concello.

As fotocopias compúlsanse no Concello (edificio Multiusos), no primeiro andar (DE BALDE), ou ante Notario.
Prégolle lle de a máxima difusión.

Atentamente
O ALCALDE

Aurentino Alonso Araujo